<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.</li> <li>- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> <li>- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> <li>- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.</li> <li>- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> <li>- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> <li>- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	España ante os novos retos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Analizar a evolución económica, social e política de España desde 1982 sinalando a mellora na situación da muller hoxe. e os logros conseguidos..		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Resumir o papel de España no mundo , especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.Feminismo, ecoloxismo, estado do benestar e compromisos sociais.	PE	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	-Localizar fontes históricas e historiográficas e extraer información. -Elaborar mapas, liñas de tempo. -Traballar con textos e con composición de textos. -Empregar e coñecer termos históricos.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Uso correcto dos termos históricos.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Debate sobre o peso actual de España.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Analizar o cambio nas relacións territoriais nun mundo global.	TI	75
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflictividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Estudo da nova sociedade globalizada. Análise do cambio de equilibrio de poderes no mundo actual. Estudo de datos estatísticos.		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Busca de información sobre o debate do que é constitucional. Análise da prensa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Análise da prensa e gráficos de actualidade.		
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Os retos do mundo global, conceptos de coperación, sostenibilidade, seguridade, europeísmo.ética dixital. Indagamos na prensa e en bases de datos.ameazas máis salientables ás que se enfrenta España		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	A perspectiva de xénero na análise do mundo. Contra a desigualdade, Un mundo sen roles de xénero. Analizaremos a situación da muller en diferentes países e ámbitos.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Estudo sobre personaxes importantes da actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> <li>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> </ul>

## Contidos

- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.
- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.
- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.
- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.
- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.
- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

NA AULA :Usamos unha metodoloxía combinada que parte dunha pequena explicación da profesora, complementada con materiais de apoio que faciliten ao alumnado a comprensión dos contidos: guións, powerpoint, material audiovisual e dossier de textos de alumnos.

Contextualizar as aprendizaxes -

-Que o alumnado poda analizar, identificar, establecer diferenzas e semellanzas, recoñecer, localizar, aplicar, resolver, etc.

- Que poda de maneira crítica, aplicar os coñecementos ,históricos na análise do seu entorno e da época actual.

- Fomentar a capacidade crítica na selección de coñecementos fomentar a investigación.

-Fomentar a aprendizaxe colaborativo.

- Utilizar distintas fontes de información (directas, bibliográficas, da internet, etc.) así como diversificar os materiais e os recursos didácticos que utilizemos para o desenvolvemento e a adquisición das aprendizaxes .

As metodoloxías e as estratexias de ensino-aprendizaxe activas na materia de Historia de España deben ser eminentemente prácticas, fomentando a aprendizaxe activa e participativa do alumnado grazas á aprendizaxe baseada en proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe cooperativa e, sobre todo, as estratexias que permiten e fomentan unha aprendizaxe significativa do alumnado. Especialmente indicada para esta materia está a mencionada estratexia da clase ao revés, debido á posibilidade, ben de aproveitar os recursos da Rede ou os que o profesorado considere, para diminuír a fase transmisiva do proceso de aprendizaxe e aumentar o traballo e a aprendizaxe na aula grazas ao papel de guía do propio docente, fomentando así o protagonismo do alumnado no seu proceso de aprendizaxe e a maior personalización de leste. Finalmente, a avaliación convértese nun pivote fundamental das

estratexias metodolóxicas, xa que ten que ir en consonancia co proceso formativo e non estar separada do mesmo. Con estes recursos preténdese favorecer unha mellor comprensión da materia tratada en clase. Intentaremos facer sempre relación con temas da actualidade para unha maior comprensión e dos textos da materia.

Traballo individualizado: márcase traballo para o alumno, para que reflexione sobre os temas tratados na aula e traballe sobre os modelos de actividades marcadas pola ABAU.

Debates na aula para desenvolver a capacidade crítica.

Visitas culturais: ao longo do curso, posiblemente a Santiago para visitar o parlamento, a súa arte e xeografía. Pódese realizar unha visita de interese a nivel local, será determinada pola oferta das institucións da bisbarra e unha actividade cinematográfica.

A interdisciplinabilidade axuda aos alumnos e ás alumnas para integrar conceptos, teorías, métodos e ferramentas de dúas ou máis materias. Con iso conseguen profundar na comprensión de temas complexos, prepáranse mellor para resolver problemas, crear produtos ou formular preguntas, pois non se limitan á visión parcial dunha soa materia. As razóns que nos levan a ofrecer ao noso alumnado unha educación interdisciplinar son múltiples e variadas. Entre elas destaca a urxencia de anticipar futuras necesidades ante a cambiante contorna social, laboral e profesional. Estes cambios continuos debuxan un horizonte no que será necesario que os futuros cidadáns e cidadás, dentro e fóra do seu ámbito profesional, sexan capaces de comprender e de abordar novos problemas, empregar un pensamento especializado de maneira flexible e comunicarse eficazmente. Para poder enfrontarse con éxito á sociedade do coñecemento e aos vertixinosos avances científicos e tecnolóxicos do século XXI, os nosos estudantes han de comprender como se constrúe o coñecemento, como as disciplinas se complementan unhas con outras, e han de adquirir destrezas transversais que integren e reforcen as aprendizaxes profundas do que acontece e pode acontecer para afrontar os desafíos do porvir: cambio climático, os conflitos éticos derivados do avance científico, a interculturalidade, a relación da política coa vida cotiá...

Os alumnos e as alumnas deben aprender a resolver aos poucos problemas cada vez máis complexos, que requirirán a visión e a complementación interdisciplinar. Na programación didáctica e a súa concreción en unidades didácticas, estas aprendizaxes complexas evidéncianse en actividades e tarefas competenciais.

A Historia, xunto a outras áreas de coñecemento enriqueceseco a utilización de diversas fontes de información, ofrece un coñecemento moi valioso para entender os retos da vida actual e saber enfrontarse a eles con criterio e responsabilidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Historia de España 2º Bacharelato

Non haberá libro de texto. Os temas serán dados por apuntamentos elaborados pola profesora. As explicacións dos temas irán ir acompañadas de powerpoint e vídeos elaborados polas profesora. Entregaremos:

Na aula virtual e para disposición do alumnado haberá:

- Dossier de prácticas con textos, gráficos, mapas
- Pequenos artigos de prensa ou caricaturas.
- Dossier de apuntamentos cos contidos da materia.
- Documentais vinculados á Historia de España que serán referenciados para que o alumnado póidaos ver en casa.
- Fragmentos de películas e series relacionadas coa Historia de España.

Intentamos fomentar á lectura con textos significativos escollidos. Seleccionamos unha serie de libros aconsellados pero non obrigatorios xa que segundo é un curso duro, relacionados coa materia impartida. Este ano afondaremos na importancia da muller na historia de España, e o impulso das correntes feministas. Colaborando co Club de Letras Aconsellamos a lectura de libros, para afondar en algunos temas, pero non serán obrigatorios.

Miguel Delibes: Los Santos Inocentes- O Caciquismo e pobreza.

E. Mendoza: La Ciudad de los prodigios. A Restauración

E Mendoza,: La Verdad sobre el caso Savolta. Movemento obreiro.

Aldecoa: Historia de una mestra. Educación en España contemporánea.

Chaves Nogales : A Sangre y Fuego

Aramburu: Patria(convivencia Pais Vasco en época de ETA)

A biblioteca dispón de un fondo de libros e atlas de Historia importantes: dicionarios de termos de Historia de España, así como Atlas históricos, enciclopedias, que poden ser consultados. á súa disposición están todos os materiais do departamento de Historia.

#### BIBLIOGRAFÍA:

Casanova, J. e Gil Andrés, Historia de España no século XX, Ariel, 2009.

Os diferentes números da Revista Hispania, que versa sobre a Historia de España, así como revista Cadernos de Historia de España.

#### PARA TEXTOS E MATERIAL GRÁFICO:

Alfeirán Rodríguez, Xosé et al., Historia de España contemporánea: documentos e mapas, A Coruña, Bahía Edicions, 1998.

Fernández García, Antonio et al., Documentos de Historia Contemporánea de España, Madrid, Ed. Actas, 1996.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partindo dos informes de cursos anteriores ,os primeiros traballos e probas sinxelas, serven de avaliación inicial.

Nas primeiras composicións presentadas no mes de outubro, atopamos estes problemas. Como medidas, poñémonos en contacto co departamento de orientación, para que traballen técnicas de relaxación, dámoslles algunhas técnicas para traballar os problemas de expresión. Tamén falamos coas familias. A Profesora queda co alumnado con maiores problemas, en recreos ou fora de horario para traballar con eles.

O maior problema que temos co alumnado de segundo é a falta de estudo e a escasa planificación do traballo , por un lado, e por outro os problemas de expresión, e de nervios polo estrés das notas.

Tralo analise da avaliación inicial, de maneira conxunta co equipo docente e orientación analizamos como traballar co alumnado, sempre coas formas de traballo que mellor se adapten para cada materia:

Debemos facerlles ver que o curso académico é unha carreira de fondo, polo que hai que chegar nas mellores condicións académicas, físicas e mentais a final de curso . Para iso o alumnado debe realizar un traballo diario e sistemático, organizar o tempo de estudo (mellor se é por cuadrante), dosificar os esforzos planificando tamén o tempo de descanso e ter como guía sempre o optimismo sen deixar lugar á dúbida sobre as súas propias posibilidades. Por outra banda, débese abandonar a técnica de estudo simplemente memorística e centrada nos días previos ao exame con subidas e baixadas de traballo que acaban

desfondándolos e fan que esquezan pronto o estudado. Para que o alumnado entenda o inadecuado deste xeito de proceder pódense utilizar símiles deportivos (adestramento diario, non con subidas e baixadas). A alternativa é unha técnica baseada na comprensión (atención en clase, preguntar dúbidas, lecturas comprensivas) e a partir de aí facer resumos e esquemas. Esta técnica permite, memorizando unha pequena parte do temario (o resumo ou esquema), explicalo de maneira completa, xa que se comprende.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>2</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>5</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	35	55	50	55	50	30	45	40	50	20
<b>Táboa de indicadores</b>	65	45	50	45	50	70	55	60	50	80

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	45	25	<b>41</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	55	75	<b>59</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, integradora e individualizada. Interéstanos especialmente estar permanentemente informados da aprendizaxe do alumnado e do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe para tomar decisións na procura dun maior aproveitamento por parte do alumnado para lograr a consecución dos obxectivos do curso. Seguiremos os criterios referidos a continuación:

**PORCENTAXE DA NOTA:** A materia de Historia de España é eminentemente teórica, e debe estar dacordo cos criterios de cualificación marcados pola CIUG, polo que valoraremos fundamentalmente dous aspectos:

- 90%: Valoración dos contidos da materia a través da cualificación das probas. Haberá un mínimo de dúas probas por avaliación, das que faremos unha media agás na 1ª avaliación, explicada máis abaixo..

- 10%: Participación en clase; traballo realizado en casa e en clase. Realizaremos un seguimento diario na aula, control semanal de traballos que se entregarán unha vez por semana na aula virtual e que serán devoltos corrixidos e puntuados. Terase en conta a cualificación do traballo realizado, e a entrega en prazo e forma.

**MODELO DE EXAME:** No curso de Historia de España de 2º de bacharelato, seguiremos as directrices marcadas pola CIUG, utilizaremos un modelo de exame igual ó marcado polo grupo de traballo de Historia para selectividade. Por iso daremos prioridade á práctica e aprendizaxe e realización de composicións de texto, con linguaxe e expresión axeitada e a utilización correcta dos termos históricos e dos textos..

- Na 1ª Avaliación Ate que non abordemos os temas de composición de textos faremos 2 exames das preguntas curtas e definicións dos contidos s.XVI, XVII e XVIII, só terán un valor dun 20% da nota. Serán dous exames. Os exames posteriores, dos contidos do s.XIX, serán un 80% da nota dos exames. Tamén serán 2 exames.

- Na 2ª e 3ª avaliación, os exames seguirán o modelo ABAU, e faremos unha media entre os que realicemos.

- O Exame tipo de ABAU será o que faremos durante o resto das avaliacións. Cunha duración de 1 hora e 30 minutos. Constará de :

----Catro definicións de termos históricos(2 puntos de valor)

---- Unha Pregunta curta dos s. XVII e XVIII(Valor 3 puntos)

----Unha Composición de textos s. XIX, XX e XXI(valor 5 puntos)

A avaliación debe ser primordialmente formativa, que valore non tanto un momento concreto do proceso de aprendizaxe do alumnado senón o proceso completo, na que se teñan en conta diversos instrumentos e ferramentas de avaliación (rúbricas, portfolios, diarios de aprendizaxe, autoavaliacións, coevaluacións, produtos finais, mapas conceptuais, mapas temáticos, probas escritas que demostren a madurez do alumnado, etc.) e que sirva como diagnóstico do rendemento do alumnado e traballos de investigación, proxectos e exposicións orais sobre aspectos concretos de cada tema. Valorarase a orixinalidade e coñecemento do tema. Os alumnos contarán coa rúbrica de cualificación de antemán.

En canto á participación na aula, neste caso enténdese o nivel de participación activa nas actividades propostas xa sexan individuais ou colectivas, sintomático de que o alumno mostra interese e curiosidade por aprender (este aspecto está en relación coas competencias de aprender a aprender e iniciativa e espírito emprendedor). Tamén será tido en conta como se relaciona cos demais, profesorado e alumnado, se colabora na evolución correcta das clases; é dicir, se desenvolve as competencias sociais e cívicas, mostrando actitudes tolerantes e de respecto cara aos demais e cara a materia.

A participación será tida en conta para redondear as notas cos medios puntos. Subirase a nota á inmediatamente superior sempre que os decimais estén por riba de 0,6.

En caso de ser collido copiando, o alumno-a terá un cero na avaliación.

Un alumno-a poderá aprobar na avaliación final ordinaria, sempre e cando supere a cualificación dun 4 de media nas probas ao poderse engadirse a puntuación de aula. No exame final de recuperación a profesora poderá eliminar algúns aspectos teóricos co fin de facilitar unha mellor aprendizaxe de aspectos básicos da materia para que o alumnado acade os contidos mínimos.



Na avaliación extraordinaria só teremos en conta a nota da proba extraordinaria. .

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar o alumno ou alumna ten que acadar 5 puntos na proba de recuperación que fará despois de cada avaliación. Ademais haberá unha recuperación final en maio de todas as avaliacións non superadas previamente, deberá acadar un mínimo de 4 puntos. Na proba extraordinaria de xuño deberá acadar 5 puntos na proba.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Seguiremos as directrices do departamento de orientación do centro .Debido a que é ensinanza postobrigatoria, debemos aplicar qas medidas marcadas para este tipo de alumnado.

A metodoloxía proposta e os procedementos de avaliación planificados posibilitan no alumnado a capacidade de aprender e promoven o traballo en equipo, fomentando especialmente unha metodoloxía centrada na actividade e a participación do alumnado, que favoreza o pensamento racional e crítico, o traballo individual e cooperativo do alumnado na aula, que conleve a lectura e a investigación, así como as diferentes posibilidades de expresión.

Como primeira medida de atención á diversidade natural na aula, propóranse actividades e tarefas nas que o alumnado porá en práctica un amplo repertorio de procesos cognitivos, evitando que as situacións de aprendizaxe céntrense, tan só, no desenvolvemento dalgúns deles, permitindo un axuste destas propostas aos diferentes estilos de aprendizaxe.

Outra medida é a inclusión de actividades e tarefas que requirirán a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias clave.

As distintas unidades didácticas elaboradas para o desenvolvemento desta programación didáctica, deberán de contemplar suxerencias metodolóxicas e actividades complementarias que facilitarán tanto o reforzo como a ampliación para o alumnado. De igual modo calquera unidade didáctica e as súas diferentes actividades serán flexibles e poderanse expor de forma ou en número diferente a cada alumno ou alumna.

Pódense implementar actuacións de acordo ás características individuais do alumnado, propostas na normativa vixente e no proxecto educativo, que contribúan á

atención á diversidade e á compensación das desigualdades, dispoñendo pautas e facilitando os procesos de detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe tan pronto

como se presenten, incidindo positivamente na orientación educativa e na relación coas familias para que apoiem o proceso educativo das súas fillas e fillos.

Estas actuacións levarán a cabo a través de medidas de carácter xeral con criterios de flexibilidade organizativa e atención inclusiva, co obxecto de favorecer a autoestima e expectativas positivas no alumnado e na súa contorna familiar e obter o logro dos obxectivos.

Estas medidas inclusivas han de garantir o dereito de todo o alumnado para alcanzar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional en función das súas características e posibilidades, para aprender a ser competente e vivir nunha sociedade diversa en continuo proceso de cambio, con obxecto de facilitar que todo o alumnado alcance a correspondente titulación.

En canto a estas necesidades individuais, será necesario detectar que o alumnado require maior seguimento educativo ou personalización das estratexias para planificar reforzos ou ampliacións, xestionar convenientemente os espazos e os tempos, propoñer intervención de recursos humanos e materiais, e axustar o seguimento e a avaliación das súas aprendizaxes.

A avaliación inicial que se realiza ao comezo do curso na que se identifiquen as competencias que o alumnado ten adquiridas, máis aló dos meros coñecementos, que lles permitirán a adquisición de novas aprendizaxes, destrezas e habilidades.

Respecto ao grupo será necesario coñecer as súas debilidades e fortalezas en canto á adquisición de competencias e funcionamento interno a nivel relacional e afectivo. Iso permitirá planificar correctamente as estratexias metodolóxicas máis adecuadas, unha correcta xestión da aula e un seguimento sistematizado das actuacións en canto a consecución de logros colectivos.

Realizaremos probas adaptada en caso de ter alumnado de NEE . Trataremos de adaptar na medida do posible a realización de probas escritas: fragmentación do exame en dous días consecutivos, conceder tempo extra, contestar os temas cunha guía de apartados, entregar o exame con letra máis grande, Unha explicación máis exhaustiva dos traballos a realizar. Explicacións en recreos e fora de horas de clase. Non corrección de erros gramaticais en caso de

dixlesia. Facer probas nunha aula a diferente. Entregarlle máis folios e máis grandes. etc. Das medidas seleccionaranse as que sexan oportunas en cada caso segundo as características de cada alumno-a.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade da muller.A valoración da convivencia democrática. A loita contra as desigualdades.	X	X	X	X	X	X	X	X
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12				
ET.1 - Igualdade da muller.A valoración da convivencia democrática. A loita contra as desigualdades.	X	X	X	X				

### Observacións:

A inclusión de temas transversais vai implícita en toda a materia de Historia de España polo seu propio contido e tratamento ; educación para a convivencia, a educación para a paz, a educación non sexista, a educación ambiental,a educación multicultural, a educación para Europa, é o desenvolvemento dunha serie de actitudes: de respecto e solidariedade cara aos demais, de compromiso cara ao medio ambiente, de tolerancia e interese por outras culturas, de respecto ao noso patrimonio, etc. Traballaranse de fora implícita ou exlcita, pero traballarase ao longo do currículo.

A través das actividades: formulación de debates e postas en común, lectura e comparación de imaxes, interpretación de textos, etc. Poderíamos resumir: Se realizamos unha análise dos distintos elementos do currículo desta materia, podemos observar que a maioría destes contidos transversais abórdanse desde a mesma, aínda que de forma específica tamén podemos dicir que:

--O respecto á diversidade cultural, en todas as súas expresións e manifestacións é traballo a destacar na materia, unindo estes valores de tolerancia e respecto ao coñecemento de nosa propia historia.

--Adquirir plena conciencia da igualdade efectiva entre homes e mulleres, como se xestou ea súa visión nas distintas épocas. A loita contra a violencia de xénero e non permitir discriminacións baseadas en discapacidades ou por calquera condición ou circunstancia persoal ou social é de vital importancia.

--Comprender a necesidade de resolver os conflitos mediante procedementos pacíficos,levando a todos os terreos os valores que sustentan os principios de liberdade, xustiza,igualdade, pluralismo político, democracia, respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia.

-- Desenvolver unha aptitude de respecto ao medio ambiente, ao desenvolvemento sostible, á loita contra os abusos e os malos tratos ás persoas. O tratamento de valores de convivencia e democráticos son inherentes coa materia de Historia e van insertos no propio currículo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao parlamento galego.	Buscamos que entendan a importancia das nosas institucións democráticas e a súa función.Visita guiada coa explicación das institucións autonómicas. Asistencia ao pleno. Visita as instalacións do pazo do Hórreo.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita exposición comarcal A República e Guerra en O Barco	Buscamos relacionar os temas traballados en clase co a historia do contorno		X	

#### Observacións:

Hai un problema grande para encaixar actividades debido á falta de tempo pola cantidade de probas e traballos que teñen en 2º Bacharelato.

Faremos debates na aula para desenvolver a capacidade crítica. Visita de exparlamentarios galegos para coñecer a actividade parlamentaria e a Historia da autonomía.

- Visitas culturais: ao longo do curso, posiblemente a Santiago para visitar o parlamento, o seu arte e xeografía .

- Actividade cos ex parlamentarios de Galicia no centro, fundamental para a comprensión do funcionamento do sistema parlamentario español.

- Pódese realizar unha visita de interese a nivel local, será determinada pola oferta das institucións da bisbarra e unha actividade cinematográfica de cine e historia.

- Unha visita importante é a do Congreso de Deputados, normalmente explicada polos guías do congreso e co recibimento dun parlamentario da provincia.

CALQUERA OUTRA ACTIVIDADE A NIVEL LOCAL OU AUTONÓMICO ofertada AO LONGO DO CURSO.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Analise do modelo de exame e resultados. Implicación do alumnado en traballos e tarefas. Porcentaxe de aprobados na avaliación. Aprobados ao final e comparativa cos resultados en selectividade.

#### Descrición:

Faremos o seguemento nas reunións de departamento onde avaliaremos o desenvolvemento da programación, e proporemos de maneira razonada, as modificacións que se consideran oportunas para axustala á consecución dos obxectivos fixados para a materia de Historia de España..

A análise dos resultados das avaliacións serve tamén de referente para establecer se hai aspectos que non funcionen ou resultados que non chegan ás expectativas sinaladas, pódense facer as adaptacións oportunas.

Para que nesta programación didáctica recóllanse procedementos para a súa valoración e posible axuste no marco xeral da avaliación do proceso de ensino, e co ánimo de mellorar a nosa práctica docente e o éxito escolar, presentamos unha proposta xenérica de preguntas, en ningún caso exhaustiva, destinada non á resposta afirmativa ou negativa directa, senón a suscitar a reflexión sobre as decisións colexiadas que guían as fases de deseño, desenvolvemento e avaliación da programación didáctica. Estas propostas poderían concretarse na confección dun cuestionario ou test

de respostas gradadas para que o alumno poida valorar o grao de consecución dos obxectivos, actividade que viñemos facendo en cursos anteriores. .

- Poderíamos ver os seguintes indicadores: valorados de 1 a 5

- Contidos

Interesantes (chamáronme a atención)

Atractivos (gustáronme)

Útiles (penso que poden resultar prácticos)

Amplos (a materia resultoume moi extensa)  
Complexos (grao de dificultade dos mesmos)  
Contidos previos (creo que me faltou base)  
Asimilación (o que creo que aprendín)

. Profesor-a  
Preparación do profesor  
Interese que manifestou pola materia  
Esfuerzo e dedicación na aula  
Preparación das clases  
Amenidade das clases  
Dispoñibilidade cara aos alumnos  
Preocupación pola marcha e traballo dos alumnos  
Disciplina que impón na clase  
Nivel de esixencia  
- Metodoloxía  
Orde e claridade das explicacións  
Ritmo das explicacións  
Facilidade na toma de apuntamentos, caderno de clase, etc.  
Actividades desenvolvidas  
Traballos e deberes para casa  
- Avaliación  
Tipo e variedade de exames, probas e traballos  
Grao de dificultade dos mesmos  
Adecuación das probas aos contidos  
Forma de corrección e valoración  
  
- Observacións e propostas de mellora

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación non é algo pechado, durante o curso podemos revisar aqueles aspectos que non funcionen. O seguimento da programación será realizado polo propio profesorado, polo xefe de departamento en último término pola dirección.

Figurará nas actas de departamento, en dada reunión un punto fundamental será a marcha da avaliación. A programación de 2º de bacharelato debido a que ven marcada polas ABAU, terá que ser abordado por completo e non debería haber atrancos para dar toda a materia..

Cada ano faremos unha proposta de mellora de materiais, recursos e maneiras de abordar a materia, para que se adapte mellor ao alumnado.

Sempre intentamos mellorar o resultado. Na memoria do curso anterior reflectiremos a proposta de mellora, e teremos unha boa bara de medir nos resultados do alumnado nas ABAU.

Partindo do recolleito na memoria do curso anterior, recolléronse as seguintes propostas de mellora:

OBXECTIVO: Aumentar o número de aprobados en Historia de España na ABAU

INDICADOR DE LOGRO: Incrementar un 5% os aprobados en Historia de España en ABAU.

ACTUACIÓNS E TAREFAS: deseñar un plan específico de preparación para a proba nas reunións de departamento.

RESPONSABLE: Os profesores do departamento de Xeografía e Historia que imparten 2º de Bacharelato e o xefe de departamento.

INDICADOR DE SEGUIMENTO; documentos de avaliación, documentos de seguimento da programación, memoria e actas de notas de ABAU.

## 9. Outros apartados